



Inicio

Novas

Opinión

Entrevistas

Axenda

Relatos

Colaboradores

Certames

Bitácoras

RSS dos contidos


Segue o twitter

Segue o Facebook

Luns, Setembro 10, 2012

O polbo non ten amigos que agarden por el

Xullo 3, 2012 | Sección: Opinión | Preme aquí para ver todos os artigos de: Samuel L. París



Samuel L. París

E disque Clapton compuxo “Wonderful tonight” mentres agardaba a que se maquillase Patti Boyd e disque Hasselbaink naceu nun cinema de Paramaribo mentres Bukowski desesperaba agardando a resposta sobre a publicación ou non do seu *Factotum*. Esperar é unha urxencia e os ordenadores de sobremesa enténdeno daquela maneira (os cafés e as flores).

Agardar non engana nunca. A escritora Sienna Sedgwick botou horas e horas en salas de espera de todo o mundo (iso penso eu) para conseguir adurmiñar os caracteres do seu editor de texto na fantástica *Rage & Rage &*

something heretic like Rage (Quirk Books, 2012). Mediante unha prosa soporíferamente coidada e arrítmica (o ritmo está sobrevalorado, a melodía está sobrepensada), os seis personaxes do texto cloroforméanse en reflexións ao redor da xente con cara feliz, o desengano das sementes que nunca agromarán e unha sociedade que loita por se grampar as pálpebras ao maxilar inferior.

A autora detén o tempo por completo comprimindo o percorrido textual ao lapso dun segundo para nos engaiolar contranarcoticamente ao longo de parágrafos (chumbo) que desenvolven ideas peregrinas e vitais de desacougo, alento pesado e gramos de infelicidade a través dos seus seis títeres cos que é practicamente imposible (imposible) identificarse. Exemplifico isto co monocorde capítulo décimo primeiro, no que William, o papahostias do taxidermista, voa durante trinta e cinco páxinas sobre os lenzos de toda a súa vida, un tras outro, recreándose en detalles tan extremos como inmóbiles.

Se o post-rock funcionou, o mesmerismo desta prosa ten que ser o cemento no que deixar gravado o docemente estúpidas que están a ser as nosas vidas.

Sienna Sedgwick non vive da súa escrita (desde 2009 dirixe a súa propia fábrica de procesamento de poliuretano) e non ten axente literario. Entendo que será complicado chegar a ler os seus textos na lingua de Beatriz Manjón (gallego).

E disque Patti Boyd acabou por casar con George Harrison. O de “Slowhand” non era por como tocaba a guitarra...

Agardar non engana (case) nunca.

Pica aquí para saber máis sobre Samuel L. París.

Compárteo nas redes:

Segue Letra en Obras en Twitter:

Deixa unha resposta

O teu enderezo electrónico non se publicará Os campos obrigatorios están marcados con *

Nome *

Enderezo electrónico *

Sitio web